


A large, dark green graphic of a pair of glasses is centered on the slide. The glasses are stylized with thick frames and are enclosed within a large, thin dark green circle. The background of the slide is a solid blue-grey color. On the left side, there are several vertical lines of varying colors (white, light blue, orange) and a cluster of orange circles of different sizes.

AULA DE CONVIVENCIA
IES FIN DO CAMIÑO

*TODAS AS AULAS DE CONVIVENCIA SON AULAS
DE CONVIVENCIA?*



“algunos chicos se persuaden muy pronto de que las cosas son así, y si no encuentran a nadie que los desengañen, como no pueden vivir sin pasión, desarrollan, a falta de algo mejor, la pasión del fracaso.”

(Mal de escuela. Daniel Pennac)


NACEN NOVOS RECURSOS PARA A RESOLUCIÓN DOS CONFLITOS DENTRO DOS PLANS DE CONVIVENCIA ...



No marco dos plans de convivencia e dos observatorios da convivencia



Contidos dun plan de convivencia (según instrucións consellería)

- a) Obxectivos para lograr implicar aos distintos sectores da comunidade educativa.
- b) Procedementos de actuación orientados á prevención de conflitos e a consecución dun adecuado clima no centro.
- c) Funcións, dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa en canto á convivencia escolar.
- d) Criterios de actuación respecto ao alumnado que presenta alteracións condutuais que dificultan a convivencia escolar.
- e) Criterios de actuación ante situacións de posible acoso escolar.
- f) Normas e procedementos de resolución de conflitos. 
- g) Seguimento e avaliación do Plan de Convivencia.






1. ANALISE DA CONVIVENCIA

ERA NECESARIA UNHA AULA DE
CONVIVENCIA??


1.1 CUESTIONARIOS E ANÁLISE DAFO

- Deseño de cuestionarios para a avaliación da convivencia por parte de toda a comunidade educativa.



Como tendedes a solucionar os vossos problemas cos demais?

Cómo vos gustaría resolver os conflitos que teñades entre vos?



1.2 ANÁLISE DOS PARTES DE CONDUCTA 06-07

- O 18% acumula o 83% do partes
- As sancións mais frecuentes son:

Medidas
eficaces?

1° A expulsión á dirección –xefatura ou pasillo

2° A expulsión a casa :

(19 alumnos, 6 deles 5 veces). A porcentaxe de reincidencia é do 90 %. O 75% non realiza as tarefas curriculares durante a expulsión. Non se fai un seguimento do traballo realizado na casa. Non se da unha resposta coordinada nin un seguimento.

3° A copia /Quedarse sin recreo

PROCEDIMIENTO SANCIONADOR 07-08

RD 732/1995 polo que se regulan o dereitos e deberes:

- artigo 42: os incumprimentos das normas de convivencia terán que ser **valorados considerando a situación** e as condicións personais do alumnado.
- artigo 43: as correccións que deban aplicarse polo incumprimento das normas de convivencia, deberán ter un **carácter educativo e recuperador**, deberán garantir o respecto ós dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa.



**ERA O PROFESOR/A QUEN
VALORABA A GRAVIDADE !!!**

- *Este documento (O antigo RRI), que inicialmente fóra deseñado para tratar de xeito obxectivo a todos o alumnos e alumnas, acaba por ser discriminatorio, por non entender que cada alumno é diferente, por non se adaptar de xeito flexible á diversidade de situacións familiares, persoais e sociais que rodean ós problemas de conduta do noso alumnado.*

(Procedemento da Aula de Convivencia. IES FIN DO CAMIÑO)



- Na convivencia do día a día, ó alumnado (e o profesorado) ten poucas oportunidades, espazos ou tempos para reflexionar sobre as súas condutas contrarias ás normas, derivadas en parte por a organización actual en clases de 50 minutos, con diferentes profesores e profesoras e materias varias.
- Outras veces, o feito de afastar ao alumnado momentaneamente da aula, evita que o conflito escale, ó desaparecer os comportamentos que reforzan as condutas contrarias ás normas, a saber, manter o desafío ó profesorado reafirmándose diante dos demais, chamar a atención, etc.



OPINIÓN DAS FAMILIAS SOBRE A EXPULSIÓN...



O 95% non está de acordo coa expulsión á casa e consideran que é traballo da escola atender ós problemas que suceden na escola



Na maioría dos casos non poden controlar ou vixiar ao alumnado expulsado




No caso de familias desestruturadas, a alumnado non mellora ou chega peor





AS AULAS DE CONVIVENCIA

**Modelos, definición e
obxectivos**



ESTABLECEN A POSIBILIDADE DE QUE O ALUMNADO ACUDA A “AULAS DE CONVIVENCIA” COMO MEDIDA CORRECTORA DAS CONDUTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS

2. Aulas de Atención Educativa e Convivencia:

2.1. Os centros poderán establecer aulas de atención educativa e convivencia para a atención á diversidade.

2.2. As aulas de atención educativa e convivencia son aquelas establecidas para atender ao alumnado que, pola súa conduta disruptiva, impida o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo-clase. Nelas, este alumnado, baixo a responsabilidade do profesorado de garda na dita aula, realizará tarefas específicas correspondentes ás aprendizaxes básicas do curso do que proceda.

2.3. Ningún alumno ou alumna poderá ser derivado a unha aula de atención educativa e convivencia sen actividades ou tarefas para realizar durante a súa permanencia nela. Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esta aula establecer as tarefas que cada alumno ou alumna deba realizar, corrixi-las e avalialas.

2.4. Os pais, nais ou titores legais do alumnado remitido á aula de atención educativa e convivencia deberán ser informados, segundo o procedemento que se estableza pola xefatura de estudos, cada vez que os seus fillos ou fillas asistan á referida aula, indicándoselles a incidencia que o motivou.

2.5. Profesorado. Para atender estas aulas, a xefatura de estudos establecerá gardas específicas nas que considerará a todo o profesorado do centro.

2. Para o cumprimento do establecido no artigo 5º.f) da Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 (DOG do 31 de xullo de 1998), elaborar e desenvolver un programa de habilidades sociais para o alumnado que sexa remitido reiteradamente á aula de atención educativa e convivencia, coa finalidade de corrixir condutas disruptivas e mellorar a integración no centro educativo.

3. Seguindo a normativa citada no epígrafe anterior, elaborar e desenvolver un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que sexa sancionado con suspensión do dereito de asistencia ao centro, en aplicación do establecido no *Real Decreto 732/1995, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros.* O dito programa desenvolverase nas condicións horarias que aconselle a mellor reincorporación do alumnado ás actividades lectivas.



TANTOS MODELOS COMO CENTROS A TEÑEN IMPLANTADA...

- IES Leiras Pulpeiro. Lugo
- IES Manuel Murguía. Arteixo
- IES Elviña. A Coruña
- IES Monte Carrasco. Cangas do Morrazo
- IES Ponte do Porto. Ponte do Porto
- IES A Pobra. Pobra do Carmiñal
- IES As Mariñas...
- ...

Varían na concepción, na atribución de funcións á hora de sancionar, no grao de flexibilidade no procedemento de sancións, na duración das mesmas, ...



HAI DOUS MODELOS DIFERENTES ...

Se contempla como aula de traballo para o alumnado que foron privados do dereito de asistencia. Traballan contidos curriculares.

1º modelo




Aula de reflexión para alumnos que interrompen o normal desenvolvemento da aula. Trátase de acadar o compromiso do alumno/a cara a mellora.

2º modelo



TRIPLE MODELO DO IES FIN DO CAMIÑO



DEFINICIÓN:



3 MODELOS

- **A Aula de Convivencia como aula de reflexión** é un espazo que trata de facilitar a reflexión do alumnado que impide o normal desenvolvemento do grupo clase, enchendo de contido pedagóxico as “expulsións” á xefatura de estudos ou os “tempo fora” da aula. Neste espazo, o profesorado trata de darlle axuda ó adolescente para que analice as súas condutas disruptivas e se comprometa ó cambio, ofrecendo unha resposta tanto ós conflitos puntuais na aula como ó alumnado con problemas persistentes de conduta.
- **A Aula de convivencia como aula de traballo** trata de dar solución ó alumnado que, polas repetidas condutas contrarias ás normas, fora obxecto de privación do seu dereito de asistencia, sendo atendido nesta aula no lugar de cumprir a sanción no seu domicilio, combinando traballos curriculares e de modificación de conduta.
- **A Aula de Convivencia como observatorio da convivencia**, procura datos cuantitativos e cualitativos sobre a realidade de cada alumno/a, de cada grupo clase ou sobre o centro escolar en xeral. Estes datos son utilizados para a súa discusión, na procura de solucións e correccións preventivas e reactivas adaptadas a cada caso en particular, a cada grupo clase, a cada profesor/a, etc.

MODELO

“EVITAR AULAS DE CASTIGO”

- Inclúense 3 vertentes de aula de convivencia: aula de reflexión, aula de traballo e observatorio de convivencia.
- O procedemento para corrixir as condutas contrarias ás normas é flexible e adaptado ás características particulares do alumnado, do seu ambiente sociofamiliar e do historial previo de solucións intentadas.
- O número de persoas que atende a aula de convivencia non debe ser nunca superior a 7.
- Contarase cunha persoa coordinadora con atribución horaria e cunha reunión semanal dentro do horario lectivo entre os membros da AC, a xefatura de estudos, a dirección e a xefatura do departamento de orientación.



MODELO

“EVITAR AULAS DE CASTIGO”



- Como norma xeral, agás problemáticas habituais ou nas que é necesaria a actuación urxente, as medidas preventivas ou correctoras tomaranse en pequeno grupo (reunión da AC). **Evitarase, en todo caso, a redundancia nas solucións intentadas**, na procura doutras de carácter creativo e reparador.
- Limitarase o nº de veces que un alumno/a pode pasar pola aula de convivencia. Limitarase ó nº de veces que un profesor/a pode derivar á AC a un alumno/a en particular, si existira un conflito profesor/a-alumno/a e non se intentaran outras alternativas para a resolución do mesmo.
- Garantirase unha ferramenta informática para o arquivo e a análise rigurosa dos conflitos e das solucións intentadas.


OBJETIVOS

1. Aproveitar o espazo para aprender a resolver os conflitos de xeito pacífico, reflexivo, dialogado na procura do cambio de actitudes.
2. Atender ao alumnado que por problemas de conduta non pode permanecer na súa aula de referencia, evitando a escalada do conflito.
3. **Medir a conflictividade no Centro**
4. Atender ó alumnado que, pola reincidencia das súas condutas contrarias ás normas, permanece expulsado durante un período de tempo(en determinadas horas, materias ou días), sendo unha medida sancionadora de carácter intermedio, antes de chegar á privación do dereito de asistencia ó centro.
5. Establecer un espazo que lle permita ó alumnado alonxarse do foco do conflito, ou das circunstancias que o orixinan, co obxecto de conseguir o distanciamento necesario para poder reflexionar e buscar posibles solucións.
6. Acadar tratamentos educativos personalizados e un seguimento integral do alumnado con problemas de conduta





A AULA DE CONVIVENCIA COMO AULA DE REFLEXIÓN



A Aula de Convivencia como Aula de Reflexión (AR):

- O alumnado que impida o desenvolvemento normal do grupo-clase, **logo de pór en práctica outras medidas e estratexias sen acadar resultados**, pode ser enviado á Aula de Convivencia. Para tal fin, seguirase un sistema de **9 pasos**:
- O profesor/a cubrirá o formulario “**Derivación á Aula de Convivencia**”, especificando detalladamente o motivo polo que o envía. Como norma xeral, non se debería enviar a un alumno á AC se faltan 10 minutos ou menos para o cambio de clase, xa que non daría tempo á entrevista.
- O alumnado acudirá á sala de profesores, onde o profesor/a de garda o acompañará ata a Aula de Convivencia.
- O profesorado da Aula de Convivencia iniciará unha entrevista co alumno/a, co fin de acadar un compromiso concreto de mellora.
- O alumno/a cubrirá:
 - a “ficha de reflexión. Primeira vez” se fóra a primeira vez que acode á AC, ou ben a primeira vez que acode por ese motivo ou,
 - “ficha de reflexión, segunda vez”, se fose a segunda vez que acode por motivos similares ou,
 - fichas de reflexión adaptadas á problemática do alumno, se fose habitual a súa presenza polo mesmo motivo ou similares ou,
 - soamente unha entrevista.

: sentir-
pensar-
actuar



- Rematado este proceso, **o alumno/a voltará a súa aula ordinaria**. O profesorado da Aula de Convivencia acordará as condicións de regreso á aula (petición de disculpas, pedir permiso ó entrar, etc).
- O profesor/a que atende a Aula de Convivencia redactará o formulario “ficha resumo da entrevista” autocopiable, que remitirá á xefatura de estudos. Remitirase á persoa coordinadora o formulario de derivación e calquera ficha de reflexión que existise para o seu arquivo.
- A xefatura de estudos, atendendo ó procedemento sancionador e dos acordos acadados na reunión do observatorio, imporá a sanción pertinente nos casos necesarios, facéndoo constar na “ficha-resumo da entrevista” e que serán comunicados á familia por SMS automático.
- Recibirá copia da “ficha de resumo da entrevista” a persoa coordinadora. Colocarase tamén na sala de profesores/as para consulta do profesorado que lle puxo a falta e do titor/a durante unha semana.





MANUAL DO PROFESORADO
QUE ATENDE A AULA DE
CONVIVENCIA





A AULA DE CONVIVENCIA COMO AULA DE TRABALLO



O alumnado que, pola acumulación de partes de conduta ou pola gravidade dos mesmos, deba ser obxecto de sanción disciplinaria poderá cumprila na Aula de Convivencia, segundo o procedemento de sancións, de acordo co seguinte modelo de 7 pasos:

O material curricular das materias afectadas para eses días ou horas



O departamento de orientación determinará as actuacións dirixidas ao proceso de reflexión que o alumnado deberá realizar. O traballo pode implicar directamente á familia, co apoio dos servizos sociais. O traballo pode realizarse tamén dentro do grupo-clase

Remítese o material curricular ó profesorado para a súa avaliación.

Arquívase o traballo de conduta

Remítese copia ó titor do informe de actitude.

2º modelo

ESTADÍSTICO...

Cumpriron sanción na AT: 13 alumnos

A porcentaxe de reincidencia é do 70%,
4 deles graves.

O 90% traballaron moi ben durante o
período de expulsión

Nos casos reincidentes, aprézase certa
evolución positiva durante 1-3 días
logo do periodo de expulsión á AT.






A AULA DE CONVIVENCIA COMO OBSERVATORIO




A aula de convivencia como Observatorio da Convivencia (OC):

- O profesorado que atende a Aula de Convivencia, a xefatura de estudos, o director e a xefa do departamento de orientación terán unha reunión semanal dentro do horario lectivo, con orde do día e lectura de acta. Orientarase ós seguintes obxectivos:
- Propor solucións sobre os conflitos que se detectaran durante a semana, adaptados á problemática de de cada alumno/a en particular, de cada grupo clase, profesor ou organización de centro.
- Proceder coordinadamente nas entrevistas adaptadas ó alumnado
- Medición da conflictividade do centro. Estudio sobre medidas preventivas.
- O observatorio poderá propoñer solucións que afecten o conxunto da comunidade educativa, como a convocatoria o equipo docente, o traballo dun tema específico na titoría, a actuación do equipo de mediación, a entrevista conxunta coa familia e a organización dos grupos e os espazos.







PROCEDIMIENTO PARA CORRIXIR AS CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS



AULA DE CONVIVENCIA

ESTADÍSTICOS GRUPO 1º ESO





Conductas diana


- Interrumpir antes de rematar a explicación
- Non levantar a man antes de falar ou levantala e non agardar ao turno
- Tardar 5 minutos en sacar o material e e empezar a dar clase
- Non traen os deberes
- Alex reventa as clases. Maikel abandonou

Solucións propostas


- Haberá sempre un turno de preguntas. Non se aceptarán preguntas sen levantar a man e ofrecer o turno de palabra. Si non se da o turno o alumno ten que apuntar a dúbida. Procurar mais traballo de grupo si melloran.
- O profesor, 2 minutos antes de tocar o timbre, preparará ó alumnado para a próxima clase
- Anotarase na libreta do alumno/a o traballo e terá que vir asinado polos pais/nais. Estudiar reunión do titor coas familias.
- **Estudiar o caso de Alex e de Maikel:** reunión titor-xefatura-orientación. Sancionar con inmediatez



AULA DE CONVIVENCIA. ESTADÍSTICOS 2ºB



ACTUACIÓN NA REUNIÓN MENSUAL ...




OUTRAS ACTUACIÓNS DE INTERESE:

- **Apoio ó profesorado “valle” (Vaello Orts, J.)**
 - ❖ Pequeno grupo de profesores “pico” asesoran ó profesorado valle
 - ❖ Xuntos propóñense normas ó grupo a revisar por todos
 - ❖ Inxección de poder dende a dirección ás profesoras “valle”
 - ❖ Profesor de apoio nunha das clases
- **Aillamento do alumno/a “problema” ó rodearse do alumnado mediador ou axudante.**



COORDINACIÓN



- A aula de convivencia contará cunha persoa coordinadora, con asignación de horas dentro do seu horario laboral para tal fin.
- Reunión informais coordinadora-xefatura
- Reunión semanal entre o profesorado que atende a Aula, a dirección e a xefatura de estudos.
- Reunión semanal da xefatura de estudos cos titores e titoras e orientación.
- Reunións sempre que se necesiten do equipo docente do alumnado reincidente.
- Así tamén, procurarase a fluxo de información constante mediante:
- Mensaxe de texto ou e-mail as familias inmediata resumindo as faltas de conduta, mediante a plataforma de enlace con SIXA.
- Informe mensual ó profesorado titor sobre o alumnado atendido ou sancionado na Aula de Convivencia,
- Ó Informe trimestral xeral ó Observatorio de Convivencia de Centro e Claustro.



COORDINACIÓN



- ❖ Reunións do coordinador/a cos tutores/as dos grupos utilizando a hora de reunión semanal entre os tutores e o departamento de orientación. Informe mensual a petición do profesorado titor.
- ❖ Reunións entre o profesorado que atende a Aula, sempre que sexa necesario
- ❖ Así tamén, procurarase a fluxo de información constante mediante o Informe trimestral xeral ó Observatorio de Convivencia de Centro e á CCP/Claustro.

